


CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA: Lecturas con valores para fomentar a inclusión



NEGROS Y BLANCOS

de David McKee
ED. ANAYA

Contra a discriminación e o racismo:

Hai moito tempo, todos os elefantes do mundo eran ou brancos ou negros e odiábanse entre sí, ata que comezou a guerra e deixáronse de ver elefantes sobre a Terra...

TOPITO TERREMOTO

de Anna Llenas
ED. BEASCOA

Sobre hiperactividade e sentirse ben cun mesmo:

Topito distráese, o toca todo, perde as cousas e non para quieto nin un segundo, por eso chamánlle malo, topón, maleducado, despistado, ata que un día ten que presentar un traballo na clase...



ORELLAS DE BOLBORETA

de Luisa Aguilar
ED. KALANDRAKA

Contra as burlas e o acoso polo aspecto físico:

Mara recibe burlas doutros nenos polo tamaño das súas orellas, pero a súa nai explícalle que son orellas de bolboreta, que revoan e pintan de cores as cousas feas...




ELMER

de David McKee
ED. BEASCOA

Sobre a aceptación do diferente:

Elmer está farto de ser o único elefante de cores da súa manada, polo que un día decide escapar e atopar un remedio para ser coma os demais...



CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA: Lecturas con valores para fomentar a inclusión



MONSTRUO ROSA

de Olga de Dios Ruiz

ED. APILA EDICIONES

Para entender o valor enriquecedor da diversidade:

O monstro rosa non encaixa na súa cidade porque é moi diferente aos demais, polo que decide marchar co soño de atopar un mundo no que se acepte aos diferentes...



LA NIÑA MÁS PEQUEÑA DE TODA LA ESCUELA

de Justin Roberts

ED. ALBA EDITORIAL

Para loitar contra o acoso e os abusos:

Sally é tan pequena que nadie a ve, ata que un día decide loitar contra os abusos que ve no patio do recreo e aprenden que unha nena pequena pode lograr grandes cousas...



A HISTORIA DO TOURO FERDINANDO

de Munro Leaf

ED. KALANDRAKA

Contra a guerra e a violencia, e a favor da paz:

O touro Ferdinando prefere a tranquilidade dos prados e o arrecendo das flores en vez das bravuconadas dos outros touros...

EL LIBRO INQUIETO

de Los Krickelkrakels


ED. KÓKINOS

Axeitado para o Trastorno do Espectro Autista

Este é un divertidísimo libro interactivo que nos invita a vivilo cos cinco sentidos...



CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA: Lecturas con valores para fomentar a inclusión



PALABRAS DE CARAMELO

de Gonzalo Moure
ED. ANAYA

Sobre a xordeira:

Kori é un neno xordo que vive nun campo de refuxiados saharauis cuxo mellor amigo é un camelo de cor canela ao que chama Caramelo. A Kori encántalle ir á escola porque alí está aprendendo a escribir...

LÚA DE SENEGAL

de A. Fernández Paz
ED. XERAIS

Sobre a emigración e contra a xenofobia:

Khoedi é unha rapaza do Senegal que ten que emigrar a Vigo por razóns económicas para comezar unha vida moi distinta á que debe acostumarse, á vez que bota de menos todo o que tivo que deixar atrás...



O AMOR E AS PALABRAS

de M^a Victoria Moreno
ED. URCO

Sobre os dereitos dos máis desfavorecidos:

Trátase de seis relatos curtos que falan sobre a solidariedade, a loita polos dereitos dos máis desfavorecidos e o desafío aos convencionalismos sociais...

A IRA DOS MANSOS


de Manuel Esteban
ED. XERAIS

Sobre o respecto ás persoas con Síndrome de Down:

O cadáver dunha nena con síndrome de down é atopado nuns terreos abandonados. Para resolver o crime, o un inspector de policía deberá abrir a súa mente e superar moitos prexuízos...



CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA: Lecturas con valores para fomentar a inclusión



EL LIBRO NEGRO DE LOS COLORES

de M. Cottin e R. Fariá
ED. LIBROS DEL ZORRO ROJO

Sobre a percepción das
persoas cegas:


Como poden “ver” as cores
oas persoas cegas?. Os
debuxos en relevo deste libro
ensínanos a tocar, oler e sentir
o vermello das fresas, o verde
da herba ou o azul do ceo...

CIERRA LOS OJOS

de Victoria Pérez Escrivá
ED. THULE

Sobre as diferentes
perspectivas:

Dous irmáns describen as
mesmas cousas de xeito moi
diferente: un emprega a vista
e o outro o resto dos
sentidos...



DACTILOGRAFÍAS

de Joan Fontcuberta
ED. KALANDRAKA

Fotogramas da linguaxe de
signos:

Este gran fotógrafo
representa con luces e
sombros o abecedario do
sistema dactilóxico que
permite expresarse ás persoas
con dificultades de dicción e
auditivas...

EL CLUB DE LOS RAROS

de Jordi Sierra i Fabra
ED. SM

Para aprender a rirse de un
mesmo:

Un tatexo e un disléxico
deciden fundar un club para
sentirse menos sós e facer fronte
ao matón do cole que lles
acosa. A sorpresa é que cada
vez máis xente quere unirse a
eles, porque o normal é ter
algunha rareza...



CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA: Lecturas con valores para fomentar a inclusión

EL CAZO DE LORENZO

de Isabelle Carrier
ED. JUVENTUD




Sobre a discapacidade:

Este libro é unha metáfora que fala das dificultades que ten un neno por mor dun cazo ao que está amarrado, que lle complica avanzar e que ás veces lle fai tropezar...

OTRA VEZ ELMER

de David McKee
ED. VINCENS VIVES




Sobre valorar as diferenzas:

Toda a manada de elefantes está a pensar qué cores van a empregar para pintarse no Día de Elmer, pero este decide gastarles unha broma e pintalos todos iguais o que provoca unha enorme confusión...

MELODÍA EN LA CIUDAD

de Benjamin Lacombe
ED. EDELVIVES



Cunha protagonista de etnia xitana:

Alejandro está destinado a acabar traballando nunha fábrica como os demais xóvenes da súa contorna ata que un día chega o circo ao seu pobo e con el unha fermosa rapaza xitana que lle axuda a atoparse a si mesmo...

UNHA CHEA DE FAMILIAS

de X. A. Neira Cruz
ED. GALAXIA



Sobre a redefinición da estrutura de familia:

Mariña fai unha viaxe polo seu edificio para descubrir que hai moitos máis tipos de familia dos que ela cree, o que lle leva a reflexionar sobre as novas formas de convivencia, de vivir en parella ou de ser pai/nai...